

BACHARELATO DE EXCELENCIA EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA (STEM bach)

1. Finalidade

Regulado pola Resolución de 12 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ten como finalidade **favorecer no alumnado o afondamento no traballo nas competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía mediante os elementos e os procedementos da investigación e dos métodos científicos**, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico e para desenvolver investigacións propias.

2. Características

- Comprende os **dous cursos** académicos de Bacharelato.
- O alumnado cursará unha das modalidades de Bacharelato das reguladas no artigo 29 do Decreto 86/2015.
- O currículo, avaliación, promoción e titulación do alumnado deste programa réxese polo establecido polo Decreto 86/2015.
- O principio metodolóxico básico deste bacharelato é fomentar o pensamento científico e o enfoque práctico de indagación e resolución de problemas, a través da realización dun proxecto de investigación.
- Cursarase **unha materia de afondamento relacionada co ámbito STEM** (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría ou matemáticas) extraescolar en 1º e 2º de bacharelato, cunha carga lectiva de 2 ou 3 horas semanais.
- En 2º curso realizarase un **proxecto de investigación**.
- Realizaranse **actividades complementarias de formación** en colaboración con universidades, entidades ou organismos investigadores...que terán unha duración de 20 horas ao longo dos dous cursos.
- No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, o criterio de selección será a nota media obtida en 4º de ESO.

O alumno matriculado poder desistir de cursalo sempre que o solicite por escrito ante o director antes do 10 de outubro do curso.

Se estás interesado entrega cuberto o resguardo xunto cos papeis de matrícula en oficinas do centro

Inscripción STEMbach curso 2020-2021

D.^a / D. _____, pai / nai / titor / -a

do alumno _____

AUTORIZO ao meu fillo / filla / titorado / -a a matricularse no STEMbach para o curso 2020-2021

En _____, a _____ de _____ de 2020